



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) PARA A HABILITACIÓN DO ESPAZO "MINDTECH STARTUP ARENA", A REALIZACIÓN DE EVENTOS E A INTERNACIONALIZACIÓN DA FEIRA MINDTECH 2025

Dunha parte, D. Justo Sierra Rey, en nome e representación da Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia (en diante, **ASIME**), con NIF G36614774 e domicilio en Avda. Doctor Corbal, 51, 36207 Vigo. Comparece na súa calidade de presidente da devandita asociación, en virtude da escritura pública de solemnización de acordos sociais número dous mil cento sete, con data sete de agosto do 2018.

Doutra parte, Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, **IGAPE**), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade directora xeral e en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que o IGAPE, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril e, entre os seus principais obxectivos, están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

II. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia establece que o IGAPE será o instrumento esencial da consellería competente en economía para desenvolver e aplicar as medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora, e terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento, sendo trala última reestruturación da Xunta o organismos competente en materia de startups.

III. Que ASIME é unha asociación empresarial galega sen ánimo de lucro, sendo a principal motivación da mesma a atención e o beneficio común de todos os seus asociados. A dita asociación representa unha forza e capacidade de acción singular dado que agrupa a máis de 600 empresas industriais, sendo que toda actividade ou iniciativa proposta por ASIME conquiere sempre a participación dun volume considerable de empresas.

IV. ASIME, dentro das accións de fomento da actividade e das accións en materia de comercio exterior que forman parte dos seus obxectivos fundacionais, organiza a cuarta edición da feira MINDTECH (Metal Industry and Technologies International Trade Fair), evento bienal cuxa primeira, segunda e terceira edición se celebraron en 2019, 2021 e 2023 con importante éxito e impacto empresarial e industrial, estando presentes empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas a nivel nacional e internacional.

V. MINDTECH terá lugar no Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) entre os días 17 e 19 de xuño de 2025 en horario de 10.00 a 18:00 horas.



VI. O obxectivo do convenio IGAPE-ASIME de promover o coñecemento e relación das *startups* industriais entre as empresas de primeiro nivel que asistirán á feira concorda especificamente coas actividades habituais das dúas organizacións, que xa teñen colaborado conxuntamente no ámbito do emprendemento en iniciativas como *Business Factory Aero*. Este acordo de asociación ofrece, polo tanto, a vía única e directa de acadar os obxectivos de promoción do emprendemento industrial buscados, que redundarán nunha maior capacidade de negocio para as *startups* e amplas oportunidades de innovación aberta para as empresas tractoras.

VII. Por outra parte, a colaboración reforzará a feira MINDTECH, cuxa capacidade dinamizadora a longo prazo atraerá máis negocio a Galicia e daralle visibilidade no ámbito internacional como rexión industrial e tecnolóxica.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE e ASIME levarán a cabo, de forma conxunta, a realización da actividade "Mindtech Startup Arena" creando un espazo específico dentro da MINDTECH 2025, que será un espazo expositivo de iniciativas *startup* industriais cara a mellorar as súas capacidades de negocio e incrementar as oportunidades de innovación aberta das empresas galegas, así como potenciar os eventos de encontro entre startups e investidores e contribuír á internacionalización de feira.

Por todo iso, ASIME e o IGAPE están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de promoción das *startups* industriais e, por ende, contribuír aos piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das empresas, especialmente no eido da Industria 4.0.

Para tal fin, habilitarase un espazo expositivo con capacidade suficiente para 39 *startups* e 3 *business factories* na feira MINDTECH, así como un espazo na feira para a Xunta de Galicia.

Entenderase como "startup" unha empresa emerxente, normalmente con un alto compoñente tecnolóxico, con grandes posibilidades de crecemento e que, polo xeral, respalda unha idea innovadora que sobresaia da liña xeral do mercado.

Asemade, nesta edición abordarase en colaboración a posta en marcha de un "Mindtech Startup Event 2025" así como, en interese xeral, a dixitalización da feira-exposición MINDTECH, e a súa internacionalización.

Os obxectivos detallados de actuación ao abeiro do presente convenio, tanto en materia e tipoloxía de eventos como en obxectivos de asistencia e perfil dos asistentes, figuran no resto de cláusulas.

SEGUNDA. XUSTIFICACION DA UTILIZACION DA FIGURA DO CONVENIO

Motívase a utilización da figura do convenio de colaboración nos seguintes enunciados:

- Non existe en Galicia unha feira que, pola súa orientación transversal á Industria 4.0 e pola capacidade de concentrar presenza de empresas industriais do ámbito internacional, poida achegar



oportunidades de negocio ás *startups* como a que representa MINDTECH, que incluíra máis de 16.000 m² de exposición, dan idea do interese e dimensión da feira e da ocasión que representa para os emprendedores que o IGAPE e ASIME favorezan a súa presenza.

- Esta presenza só se pode vehicular a través de ASIME, que é a única organizadora da feira.

Esta especificidade de ASIME, xunto coa súa experiencia en colaboracións anteriores, xustifican as vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Por outra banda, mediante este convenio o IGAPE non encomenda unha xestión de servizos a ASIME, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público como son os de fomentar o negocio das iniciativas emprendedoras tecnolóxicas galegas, aumentar as posibilidades das empresas galegas de realizar actividades de innovación aberta e suscitar oportunidades de negocio de ámbito internacional para incrementar a competitividade do tecido empresarial galego. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de capacitación directiva do tecido produtivo galego a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO

As actuacións que ambas partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio materializaranse durante o ano 2025, concentradas na súa execución os días da feira MINDTECH (17 a 19 de xuño do 2025) e consistirán en:

- **AC1 Habilitación do espazo físico compartido "MINDTECH STARTUP ARENA".**

Habilitarase un espazo expositivo na feira con capacidade para 42 stands de 9 m², na denominada "Zona G" da feira, que serán *stands* modulares *medium*. A distribución física dos espazos será flexible aos intereses dos asinantes do convenio.

A zona "MINDTECH STARTUP ARENA" estará convenientemente sinalizada, coa imaxe que se pacte entre os asinantes do convenio.

Realizaranse actividades de promoción do espazo entre *startups* galegas –especialmente- e outras foráneas, co obxectivo de captar iniciativas de interese. Estas iniciativas serán *startups* ou entidades responsables do proceso de incubación e aceleración públicas ou privadas. Ás iniciativas interesadas ofreceráse un prezo de 300 €/espazo para as que proveñan da Comunidade Autónoma de Galicia, e 650 €/espazo para as foráneas.

A comisión de seguimento deste convenio decidirá, de xeito xustificando, a asignación dos espazos expositivos e o tipo de *stand* ás iniciativas que os soliciten, así como as que non poderán acceder no caso de haber máis solicitudes que prazas. Os criterios básicos utilizados serán:

- Axuste á definición de *startup* según a ley de Startups, recollido no artigo 3 apartado 1 letra a) no momento da inscrición. Acreditase este cumprimento a través dunha declaración responsable ca data de constitución e co certificado de situación censal de actividades económicas expedido pola AEAT.
- Preferentemente, unha distribución 70% / 30% entre empresas galegas e foráneas, respectivamente.
- Orde de chegada das solicitudes.

- **AC2 Habilitación dun espazo para a Xunta de Galicia na feira MINDTECH.**



A Xunta de Galicia disporá dun espazo de 64 m² no espazo en localización preferente da feira, co fin de coordinar a iniciativa MINDTECH e difundir os seus programas de *startups*. O IGAPE correrá coa construción dun *stand* de deseño e decoración segundo decida a Xunta de Galicia.

- **AC3 Mindtech Startup Event 2025 na feira MINDTECH.**

ASIME asumirá a organización dun evento, dentro dos tres días de celebración de MINDTECH, onde se realizará unha competición de Startups e se contará con algún poñente relevante relacionado con esta temática.

Este evento permitirá tanto a investidores públicos como privados coñecer proxectos emprendedores creados por Startups. Para a realización de dito evento levarase a cabo unha convocatoria de participación dirixida a calquera Startup interesada. Esta convocatoria contará con liñas diferenciadas e relacionadas coa área de innovación. As candidaturas presentadas serán avaliadas por un xurado e cada liña contará con dúas entidades finalistas que presentarán o seu proxecto nun dos tres días da feira MINDTECH. Os gañadores de cada liña recibirán un premio monetario.

- **AC4 Publicidade e marketing da feira MINDTECH.**

ASIME asumirá a realización da creatividade e produción da publicidade e as actividades de difusión da feira.

- **AC5 Audiovisuais e dixitalización da exposición MINDTECH.**

ASIME asumirá a dixitalización da exposición MINDTECH 2025, a través de medios audiovisuais das diferentes zonas da exposición e da plataforma de comunicación e xestión de expositores.

- **AC6 Internacionalización da feira MINDTECH.**

ASIME asumirá a captación e execución de cara a contar con delegacións internacionais durante a celebración da feira.

As partes acordan que o país invitado sexa México polo que se obriga a contar cunha delegación deste país, ademais de facilitarlle un espazo de exposición na feira. Igualmente levaranse a cabo diferentes misións comerciais inversas con diferentes países de América do sur, África e Europa.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, sempre que se manteñan os obxectivos globais e non se incremente a achega do IGAPE.

CUARTA. GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 30 de outubro de 2025.

2. O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.



Non obstante o anterior o IVE vinculado aos gastos elixibles terá tamén a consideración de gasto elixible si a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que, tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no que se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias, ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Cando o importe do gasto externo sexa igual ou superior a 15.000 € + IVE, ASIME deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores sen que entre eles poida existir vínculo societario, laboral ou de calquera índole de dependencia, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Asemade en calquera de ámbolos supostos precisarase polo menos a aprobación *ex-ante* do IGAPE deses gastos e ulterior xustificación e ratificación na comisión de seguimento do convenio prevista na cláusula novena.

4. Todos os gastos externos xustificadas por ASIME deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

5. ASIME pon a disposición sen custo un espazo de 64 m² para o stand da Xunta de Galicia. O IGAPE farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á achega de ASIME, agás no referente ao cofinanciamento dos *stands* na 'Mindtech Startup Arena', que se limita ao 80%, dado que os expositores e ASIME, conxuntamente, achegarán o 20%

Os gastos clasificaranse en:

- a) Diferencia entre as tarifas estándar de ASIME para o aluguer dos espazos expositivos e os custes cobrados aos participantes (*startups* ou organizacións de promoción do emprendemento) na "Mindtech Startup Arena", excluindo o IVE. Tomarase como achega de ASIME o espazo posto a disposición do IGAPE (42 espazos), independentemente do número de participantes na "Mindtech Startup Arena".
- b) Gastos externos e internos de ASIME para publicidade e marketing das actividades.
- c) Gastos externos e internos de ASIME para a organización e celebración do 'Mindtech Startup Event 2025'
- d) Gastos externos de audiovisual e dixitalización multiplataforma da exposición MINDTECH 2025
- e) Gastos externos e internos de ASIME necesarios para a Internacionalización da feira co país invitado
- f) Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 20% dos gastos totais xustificadas.

QUINTA. COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o IGAPE contribuirá cun máximo de 200.000,00 € con cargo á partida orzamentaria **09.A1.741A.6418** para o ano 2025 (Proxecto 2016 00010). O anexo I "Memoria Económica" explica a aplicación desta achega.



Partida	2025
09.A1.741A.6418	200.000,00€

A achega do IGAPE estará limitada en función dos obxectivos acadados do seguinte xeito ("N" é o número de expositores en Mindtech Startup Arena, sexan *startups* ou organizacións de promoción do emprendemento):

- A partida "Stands Mindtech Startup Arena", destinada a atender a diferenza entre os custes do espazo expositivo, terá un límite máximo de 90.720,00€ de achega por parte do IGAPE, e ademais limitarase ao valor de (59.220 € + 750*N).
- A achega do IGAPE para o conxunto de custos formado pola habilitación dun stan da Xunta de Galicia e os gastos da organización do 'Mindtech Startup Event 2025', 'publicidade e marketing da feira, 'audiovisuais e dixitalización multiplataforma' e 'Internacionalización da exposición' acadará ata o 90% dos gastos xustificadas.

ASIME carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

- ❖ IGAPE comprométese a colaborar e dar o visto e prace das programacións presentadas a través da comisión de seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por ASIME.
- ❖ Asemade, deberá especificar a participación dos representantes da Xunta de Galicia, das súas consellerías ou departamentos e do propio IGAPE, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.
- ❖ No marco desta colaboración, o IGAPE difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.
- ❖ O IGAPE participará activamente en todas as actividades, especialmente no 'Mindtech Startup Event' e na resposta institucional á internacionalización da feira e á invitación ao país invitado.

SEXTA. COMPROMISOS DE ASIME

- ❖ ASIME responsabilízase de organizar as actuacións AC1, AC3, AC4, AC5 e AC6 da cláusula terceira na súa totalidade, en estreita colaboración co IGAPE, acordando co IGAPE todos os aspectos organizativos, e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no anexo I (memoria económica).
- ❖ ASIME porá a disposición da Xunta de Galicia un espazo expositivo de 64 m2 (AC2)
- ❖ ASIME será responsable da captación de expositores e da difusión e *marketing* do evento, incluíndo en todas as comunicacións o logotipo de ASIME e o do IGAPE asociado ao da Xunta de Galicia.
- ❖ ASIME difundirá a colaboración co IGAPE nas actividades e, en todo caso, aplicará ao IGAPE como mínimo a publicidade equivalente á condición de "Partner Gold" ou entidade colaboradora de Mindtech.
- ❖ A execución parcial conlevará a aplicación dos límites especificados no anexo I.

SÉTIMA. PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do IGAPE será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación de certificación de gastos de ASIME comprensiva dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa. Unha vez realizados todos os gastos, presentarase liquidación dos mesmos antes do 30/10/2025.

A liquidación presentarase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relacionan a continuación.



ASIME responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

A liquidación estará integrada por:

1. Certificación do gasto, segundo modelo do anexo II: Certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos presentados para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
2. Informe das actividades realizadas.
3. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no anexo II.
4. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, que lle poderán ser requiridos polo IGAPE, incluída no anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o IGAPE poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.
5. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 13 deste convenio, ASIME autoriza a realización desta petición.
6. Documentación xustificativa da realización e pagamento do 100% do custo das actividades realizadas:
 - ❖ Diferencias entre tarifas estándar e custes cobrados: relación de tarifas aplicadas, relación de facturas cobradas e xustificante de cobro das mesmas.
 - ❖ Gastos externos: xustificación dos gastos externos: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e xustificante bancario do seu pagamento. Deberase entregar declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
 - ❖ Para a consideración do IVE como gasto atendible, se fora o caso:
 - No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE): certificación da AEAT de exención do IVE ou
 - Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: Certificado de Situación Censual expedido por AEAT no cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificado da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias ambos a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación de AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.
7. Declaración da inexistencia de axudas concorrentes para as actividades cofinanciadas polo IGAPE.
8. Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio

Requisitos:



- Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Os gastos deben estar realizados dentro do prazo de vixencia do convenio e ata o 30/10/2025.

O IGAPE abonará a ASIME o 90% dos custos xustificados, cos límites do anexo I.

Considerarase unha execución deficiente do convenio aquela que non acade un 50% (21 expositores) do obxectivos de expositores previstos. Neste caso, resolverase o convenio e ASIME deberá reintegrar, no seu caso, as cantidades xa percibidas pola execución parcial do mesmo.

ASIME manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

OITAVA. VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o 30 de decembro de 2025, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de outubro de 2025, data na que deberán estar realizados todos os eventos programados ao abeiro do convenio. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período máximo de tres meses.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do IGAPE, e dous de ASIME, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se



desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do IGAPE que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para ASIME que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Consellería de Economía e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluirá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

ASIME deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

DÉCIMO SEGUNDA. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. AUTORIZACIÓNS

ASIME consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a



Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo IGAPE non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 11 de marzo de 2025.

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do IGAPE

Justo Sierra Rey
Presidente de ASIME



ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A HABILITACIÓN DO ESPAZO "MINDTECH STARTUP ARENA" A REALIZACION DE EVENTOS E A INTERNACIONALIZACION DA FEIRA MINDTECH 2025

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o IGAPE contribuirá cun máximo de 200.000,00 € con cargo á partida orzamentaria **09.A1.741A.6418**. para o ano 2025 (Proxecto 2016 00010).

ASIME porá a disposición da Xunta de Galicia un espazo expositivo de 64 m2 valorado en 10.340,00 €.

O IGAPE farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á achega de ASIME, agás no referente ao cofinanciamento dos *stands* na 'Mindtech Startup Arena', que se limita ao 80%, dado que os expositores e ASIME, conxuntamente, achegarán o 20%

Os gastos clasificaranse en:

- Diferencia entre as tarifas estándar de ASIME para o aluguer dos espazos expositivos e os custes cobrados aos participantes (*startups* ou organizacións de promoción do emprendemento) na "Mindtech Startup Arena", excluíndo o IVE. Tomarase como achega de ASIME o espazo posto a disposición do IGAPE (42 espazos), independentemente do número de participantes na "Mindtech Startup Arena".
- Gastos externos e internos de ASIME para publicidade e marketing das actividades.
- Gastos externos e internos de ASIME para a organización e celebración do 'Mindtech Startup Event 2025'
- Gastos externos de audiovisual e dixitalización multiplataforma da exposición MINDTECH 2025
- Gastos de internacionalización da feira MINDTECH 2025
- Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que non superarán o 20% dos gastos totais xustificados.

A achega do IGAPE estará limitada en función dos obxectivos acadados do seguinte xeito ("N" é o número de expositores en Mindtech Startup Arena, sexan *startups* ou organizacións de promoción do emprendemento):

- A partida "Stands Mindtech Startup Arena", destinada a atender a diferenza entre os custes do espazo expositivo, terá un límite máximo de 90.720,00€ de achega por parte do IGAPE, e ademais limitarase ao valor de (59.220 € + 750*N).
- A achega do Igape para gastos da organización do 'Mindtech Startup Event 2025', 'publicidade, marketing e outros gastos externos', 'audiovisuais e dixitalización multiplataforma' e 'Internacionalización da feira' será o 90% dos gastos xustificados.

O resumo dos custos estimados por tipo de actividade e participante, xunto coa distribución estimada de gastos é o seguinte:

Concepto/Actividade	Nº	Custo	Total	Expositores	Igape	Asime
AC1 Habilitación do espazo físico compartido "MINDTECH STARTUP ARENA"	42	2.700,00 €	113.400,00€	11.340,00€	90.720,00 €	11.340,00 €



AC2 Habilitación dun stand da Xunta da Galicia na feira MINDTECH	1	10.340,00 €	10.340,00 €	- €	- €	10.340,00 €
AC3 Mindtech Startup event 2025	1	14.500,00€	14.500,00 €	- €	14.000,00 €	500,00 €
AC4 Publicidade e marketing	1	14.500,00 €	14.500,00 €	- €	14.000,00 €	500,00 €
AC5 Audiovisuais e dixitalización multiplataforma	1	9.500,00€	9.500,00 €	- €	9.000,00 €	500,00 €
AC6 Internacionalización da exposición Mindtech	1	73.636,44€	73.636,44 €	- €	72.280,00€	1.356,44€
Total			235.876,44 €	11.340,00 €	200.000,00 €	24.536,44 €

Onde os custes unitarios de 2.700,00 €, son custes de tarifa da feira Mindtech. Para o cálculo asumíuse unha redución de custo do 10% para cada participante por parte de o organizador, os expositores asumirán tamén o 10% do custo de tarifa, mentres que o IGAPE soporta, neste apartado un máximo do 80% dos custos dos stands asignados.

Así, dado que o IGAPE achega ao convenio ata un 90% dos gastos xustificadas e un 80% dos custos dos espazos asignados no 'Mindtech Startup Arena' cun orzamento máximo de 235.876,44 €, o resumo das achegas máximas de cada participante ao convenio é o seguinte:

Participante	Achega	%
IGAPE	200.000,00 €	84.79%
ASIME	24.536,44 €	10.40%
Expositores	11.340,00 €	4.81%
Total	235.876,44	100%

ASIME carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.



**ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS**

		CONVENIO IGAPE-ASIME "MINDTECH STARTUP ARENA"						TITULAR:					
		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO					
Actuación (AC1/AC2/AC3/AC4/AC5/AC6)	CONCEPTO	Nº FACT./ DOCUM	DATA	NOME DO PROVEDOR, PARTICIPANTE OU PERSOAL ASIME	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	Tarifa oficial para espazos na feira (€)	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu e asumiu gastos que comprenden conceptos e importes

atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os gastos pagados ou facturados reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:



- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape", ao obxecto do Convenio entre ASIME e o IGAPE para a habilitación do espazo "Mindtech Startup Arena", a realización de eventos e a internacionalización da feira Mindtech 2025.

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros (*__ % do importe anterior*), ingresándose conta bancaria anteriormente designada.

_____, _____ de _____ de _____
(Sinatura do/a representante)